



## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/7	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

26 de setembro de 2024

**Duración:**

Desde las 12:10 hasta las 13:50

**Lugar:**

Casa Consistorial

**Presidida por:**

JOSÉ PARDO LOMBAO

**Secretario:**

Cristina Castro Fuentes

## ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	NON
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	María del Carmen Acacio López	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

**Escusas de asistencia presentadas:**

1. Elvira Lombao Vila:  
«vacacións»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación das actas das sesións de 27 de xuño de 2024 e 8 de agosto de 2024**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

**Resolución:**

Os membros da Corporación aproban por unanimidade as actas das sesións de 27 de xuño de 2024 e de 08 de agosto de 2024

**MOCIÓN DO PSOE RELATIVA AO GAS RADON**

<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 3, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Resolución:**

A concelleira socialista Carmen Acacio protesta en primeiro lugar por terse convocado o pleno sen asuntos.

Inmediatamente despois expón de forma abreviada o contido da moción que se copia:

“No Plan Nacional contra o Radon, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xaneiro de 2024 no “Acuerdo por el que se aprueba el Plan Nacional contra el Radón”, afirmase que o radon que emana do chan e exhala do terreo penetra nas edificacións, fundamentalmente por difusión o por advección, a través dos poros, gretas e fisuras das cimentacións, aínda que tamén pode entrar, en menor medida, procedente dos materiais de





construción ou da auga corrente. En xeral, as concentracións do radon nos edificios diminúen a medida que nos afastamos do solo, aínda que en ocasións poden atoparse altas concentracións deste gas nos pisos máis elevados debido á potencial contribución dos materiais de construción, a auga e por efecto cheminea.

Asegúrase tamén que existe abundante evidencia científica que demostra a asociación entre exposición a radon en ambientes interiores e cancro de pulmón e está recoñecido como axente carcinógeno humano de categoría 1, o que, asociado ao feito de que un número significativo do actual parque de edificios presenta concentracións elevadas deste gas, fai que a exposición ao radon sexa considerada como un problema para a saúde pública.

En España, desde a elaboración no 2001 do Regulamento de Protección Sanitaria contra Radiacións Ionizantes, pasando polo 2012 cando se publicou normativa específica que aclaraba e facilitaba a aplicación do título relacionado co radon, ata chegar a actualidade, co Real Decreto 732/2019, de 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación do 2006, houbo varias actuacións en materia legal co obxectivo de crear ferramentas de axuda para o deseño de solucións de protección fronte ao radon. Desgraciadamente, a súa obrigatoriedade en obras novas e intervencións en edificios existentes tivo que ser posposta ata o ano 2020 por mor do Estado de Alarma pola Covid.

A Guía de Rehabilitación fronte ao radon publicada no Código Técnico de Edificación, polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a cal proporciona os conceptos fundamentais necesarios que apoian o correcto diagnóstico das vías de entrada do radon, ilustra o proceso de realización das Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei medicións de radon, así como presenta as solucións de protección, aportando criterios para a elección das solucións máis axeitadas a cada caso.

Pola súa parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo elaborou unha publicación que contén información para que os usuarios poidan comprobar se a súa vivenda está en situación de risco de contaminación por radon e especificanse as distintas solucións construtivas, incluído o seu custo estimado para o que se terán en conta as obras complementarias e necesarias para levalas a cabo, a súa correcta execución, así como as súas vantaxes e inconvenientes, co obxecto de lle facilitar ao técnico a elección das medidas máis adecuadas a cada caso particular.

Segundo mostra a ilustración tomada do Laboratorio de Radon en España, moi pouca parte do territorio galego se atopa en risco I, sendo o risco II o que máis prevalece. Un estudo publicado en 2023 polo Laboratorio de Radon de Galicia, feito en 6.080 vivendas da nosa comunidade, revelou que o 70% do territorio galego está afectado por un exceso de gas radon e o 18% dos fogares supera os límites recomendados pola OMS. En Outeiro de Rei superáronse os 300 bequerelios por metro cúbico de nivel de gas radon, aínda que se recomenda polos expertos que non se superen os 200.





De acordo con isto, animados polas recomendacións das autoridades, son moitos os veciños e veciñas que, atemorizados polo radon que poidan afectar as súas casas e, polo tanto, ás súas familias, se dispuxeron a facer medicións e incluso a facer obras nos seus fogares para eliminar no posible o gas radon que emane dos seus terreos. Os custes das medicións xiran en torno aos 3000 euros, dependendo dos diferentes métodos utilizados segundo as necesidades de cada fogar e os das obras son moitas das veces tan elevados que non animan a levalas a cabo. Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei

Debido á importantísima necesidade de rehabilitación de moitas das vivendas anteriores ás novas normas do actual Código técnico das Edificacións relacionadas co gas radon, desde o Grupo Socialista de Outeiro de Rei pensamos que o noso Concello debería ofrecer algún tipo de axuda para subvencionar e paliar así os gastos aos que se verán sometidos moitos dos veciños e veciñas e por iso propoñemos ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Que o equipo de goberno do Concello de Outeiro de Rei tome en consideración este problema nos orzamentos para o ano 2025 e faga unha provisión de gasto para: a) Axudas destinadas aos gastos das medicións do gas radon nos fogares. b) Axudas para a instalación de medios para eliminar o gas radon das vivendas afectadas.

2- Que o Concello de Outeiro de Rei organice charlas informativas sobre o gas radon destinadas á poboación de Outeiro de Rei, nas que participen técnicos especializados no tema”.

O sr. alcalde intervé e lle di á concelleira socialista que o certo é que non se trata dunha competencia municipal pero que quere propoñer unha enmenda. A enmenda sería que a Deputación de Lugo saque unha liña de axudas para todos os veciños de Lugo que teñan problemas co gas radón e informe aos veciños deste problema existente.

Considera o Sr. Alcalde que ó non tratarse dunha competencia municipal, debería ser a propia Deputación Provincial quen faga un estudio deste problema a nivel provincial con liña de axudas.

O tamén podería dar as axudas o Estado, considera o Sr. alcalde. E así, a moción é enmendada no relativo a ese cambio e advírtelle á concelleira socialista que, de aceptar a enmenda, a votarán a favor, de non ser aceptada, votarán en contra.

A concelleira socialista Carmen Acacio di que non acepta a enmenda e que, en todo caso, debería ser á Xunta de Galicia a quen se lle debería facer esa solicitude.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 3 votos a favor ( 1 do PSOE e 2 do BNG) e 9 en contra ( do PP).

<b>MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á PRESENTACIÓN EN PRAZO DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA 2025</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria





A favor: 3, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### Resolución:

Dase lectura á moción por parte do concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro:

#### ”EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de Outeiro véñense aprobando os orzamentos no mes de agosto ou setembro, entrando en vigor practicamente no mes de outubro, despois da correspondente publicación no BOP e dos prazos de reclamacións, a escasamente tres meses de rematar o ano.

A aprobación dos orzamentos neste punto do ano carece totalmente de sentido, pois non se poden facer ningún tipo de proposta ao non haber tempo para executalas, non estando tampouco dispoñibles as partidas económicas necesarias. Os prazos para poder acudir a outras administración para buscar axudas ou subvencións para o proxectos propostos para ese ano tamén estarían esgotados, polo que esa vía tampouco podería utilizarse.

O proxecto de orzamentos e unha proposta política onde se trazan as liñas mestras para o investimento no seguinte ano, liñas que se deben debater co tempo e antelación suficiente para poder elaborar e executar os proxectos, así como ter tempo para acudir a outras administracións para a súa financiación cando proceda.

Esperar a agosto ou setembro para aprobar os orzamentos impide todo isto, provocando a exclusión de calquera proposta que puidera vir tanto dos grupos da oposición como da propia veciñanza.

Ao mesmo tempo, nesta aprobación de orzamentos que se fai en Outeiro xa entrado o verán non se contempla ningunha medida a medio ou longo prazo para atallar os principais problemas que ten o concello, limitándose exclusivamente a facer un relato de números sobre os gastos que xa están en marcha, as subvencións que están concedidas e a extensa débeda que ten o concello, sen posibilidade real de facer modificacións sobre iso.

É por todo iso que dende o BNG cremos que o momento de empezar a traballar no proxecto de orzamentos do ano 2025, con tempo para debatelos e facer propostas de fondo para poder executalas nos seguintes anos.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes

### ACORDOS:





1. O Pleno da Corporación de Outeiro de Rei insta á Alcaldía a que prepare con suficiente antelación o proxecto de Orzamento para o ano 2025, levándoos a Pleno para o seu debate e aprobación antes do 31 de decembro de 2024, segundo determina a propia lei.

2. Neste proxecto de orzamentos deberíanse incluír medidas para atallar os graves problemas e deficiencias que está a sufrir o concello de Outeiro de Rei. Entre elas:

- Elaboración dun estudo e inicio da execución ata onde sexa posible dos proxectos necesarios para levar o saneamento a todos o núcleos de poboación do concello.

- Un proxecto serio e real para solucionar o problema da calidade da auga da rede de subministro municipal cando chove.

- Dotar á veciñanza da Urbanización da Palloza dos mesmos servizos que teñen os demais veciños do concello.

- Elaboración e execución dun plan para pagar de forma puntual aos provedores do Concello, eliminando a morosidade existen boa parte do ano.

- Elaboración e execución dun plan para reducir a extensa débeda existente neste momento no concello e que pode “hipotecar” o futuro nos próximos anos.

- Ampliación e remodelación da actual depuradora, que resulta evidente que non está a facer o seu traballo como debería.

- Elaboración dun plan para estimular que as empresas veñan ao polígono industrial de Outeiro”.

- ...”

Di o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro, logo da lectura da moción que non hai motivos nin políticos, ó ter unha maioría absoluta, nin técnicos, pois debería de ser excepcional.

Considera o concelleiro nacionalista que o aprobarse os orzamentos en verán, terxivérsase a súa finalidade.

Di o concelleiro que igualmente se vulneran ou limitan os dereitos dos concelleiros e concelleiras a facer propostas e poder aceptalas.

Considera o concelleiro nacionalista que o concello ten unha serie de problemas que deben ser solucionados e por iso teñen que ser incluídos nos Orzamentos: rede de saneamento, depuradora, A palloza, impostos, pago de facturas, calidade da auga cando chove...

Contesta o sr. Alcalde que nin sequera o Estado español ten aprobados orzamentos. Di o Sr. Alcalde que sí se atenden os intereses dos veciños e que dende logo os concelleiros da oposición sí poden facer propostas, por iso non teñen límite nas súas intervencións.

Di o Sr. Alcalde que si os concellos tiveran financiamento fixada pola Lei sin condicionalos a axudas concretas, sería moi sencillo facer o orzamento.

O Sr. alcalde compara o Concello de Outeiro de Rei co de Lugo e os servizos que se prestan





en ambos. Respecto da Depuradora di que espera obter axudas. Respecto dos impostos explica o Sr. Alcalde que os veciños de Outeiro pagan o 50% en impostos que en Lugo. Respecto do parque empresarial di que, a pesar de non ter axudas da Deputación, o concello de Outeiro de Rei é o de mellores servizos e con aumento de poboación.

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que teñen que presentarse os orzamentos en prazo e non según van aparecendo as axudas, nun goberno de improvisacións.

Considera o Sr. Alcalde que a xestión do concello é boa e por iso o concello crece e mantén a maioría electoral.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 3 votos a favor ( 1 do PSOE e 2 do BNG) e 9 en contra ( do PP).

Antes de iniciar o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta si hai algún asunto de urxencia e non se producen intervencións.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Dase lectura á pregunta da concelleira socialista que di:

”Este verano sorprendeunos a noticia de como este concello peritía mediante concesión administrativa a explotación e mantemento da cafetería Pool Bar, sita nas instalacións de dominio público municipal por 0E. Os motivos alegados no convenio son que se entregou a obra nuns momentos que non son os mais axeitados para poder xestionar e decidir con calma cal vai ser a forma definitiva de xestión de toda a instalación.

Dado que tamén afirman no mesmo convenio que non se prorrogará en ningún caso e que estudarán a forma de explotación do mesmo para a vindeira tempada estival, dende o grupo Socialista de Outeiro de Rei presentamos as seguintes PREGUNTAS:

- 1º.- Están vostedes xa preparando a licitación para a explotación dun ben público como é a cafetería da Piscina Municipal para a próxima tempada de verán?
- 2º.- Teñen xa coñecemento das contas saídas da concesión administrativa desta tempada?
- 3º.- Saben xa se é rendible a súa explotación?

O Sr. Alcalde contesta que cando teña os datos económicos contestará e que se licitará para a próxima temporada?

Pregunta do BNG relativa á enfermidades hemorráxica epizoótica

- 1.- Ten previsto o Concello de Outeiro de Rei poñer ven marcha algunha medida preventiva, en solitario ou en colaboración coa Xunta de Galicia, no municipio?
- 2.- Ten realizado ou previsto realizar o Concello de Outeiro de Rei actividades formativas, de sensibilización, de recollida de mostras ou datos, específicas nas explotacións ou para as gandeiras e gandeiros do Concello?







3.- Ten trasladado o Concello, ou previsto trasladar, á Xunta de Galiza a necesidade de realizar actividades de prevención no Concello de Outeiro de Rei dado o achegado das zonas afectadas da Provincia de Lugo ao noso Municipio?

Contesta o Sr. Alcalde que Outeiro de Rei é pioneiro en crear unha Asociación en Defensa Sanitaria dos Animais para que se fagan diagnósticos, axudas...

Comenta o alcalde que este problema está perfectamente atendido pola Xunta de Galicia.

Pregunta do BNG referida á situación de centro de saúde de Outeiro de Rei

1.- En cuántas ocasións contactou o Concello de Outeiro de Rei coa Consellería de Sanidade durante os meses de xullo, agosto e setembro para se interesar pola prestación do traballo de enfermería no Concello e exixir unha atención digna inmediata da súa poboación?

2.- Até cando vai permitir a Corporación de Outeiro de Rei que a atención sanitaria no concello siga deteriorándose constantemente a un ritmo cada vez maior?

3.- Cando vai exixir o Concello de Outeiro de Rei un plan de continxencia de Sanidade para que, naqueles días nos que persoas residentes pasen consultas, poisa garantirse a atención en domicilios e de urxencia e emerxencia?

( fora da pregunta en si, o BG solicita que a concelleira Begoña Seco Varela, Delegada Territorial da Consellería de Sanidade para a Provincia de Lugo, compareza neste Pleno para dar resposta ás preguntas referidas (art.105 do RD 2568/1986 de 28 de novembro)  
O Sr. alcalde di que a competencia en materia de Sanidade deste concello tena a alcaldía e que considera que se atende de forma adecuada á atencións sanitaria no que respecta ao límite nas competencias do concello. Igualmente contesta que a Consellería de Sanidade vai executar as obras de ampliación do Centro de Saúde e vai pagar a Xunta. que o concello xa adquiriu o solar. Que tanto o concello como a consellería fan estupendamente o seu traballo e que o que debería facer o BNG é pedir a comparecencia no Parlamento de Galicia do Conselleiro de Sanidade si así o desexa.

Pregunta do BNG referida á solicitude do BNG para ver o lugar e estado da porta medieval desmontada para a construción do Centro de Día

1.- Cal é o motivo polo que non se lle permite aos membros do Grupo Municipal do BNG comprobar o lugar de almacenado e o estado da porta medieval así como das fontes que foron desmontadas?

2.- Vai o Sr. Alcalde permitir esa comprobación? en caso afirmativo, cando? E se a resposta é negativa, cales son os motivos?

O Sr. alcalde contesta que cando teña tempo e haxa suficientes medidas de seguridade e persoal disponible para acompañalos, citaráselles. E lembra que non se trata dunha porta catalogada, que puido terse destruído, pero non se fixo.

Pregunta do BNG referida á non publicación no BOP do regulamento de funcionamento da piscina municipal

1.- Cal foi o motivo de que non se publicase no BOP o Regulamento da Piscina e polo tanto non se abra o período de alegacións correspondente para ese Regulamento?

2.- Qué explicación ten a alcaldía para o feito de que a piscina e o bar estivesen







funcionando abertos sen Regulamento de uso e sen prezos definitivos en vigor?

O Sr. Alcalde contéstalle que o Regulamento sí está publicado e que o Regulamento non é necesario para abrir a piscina, senón para unha mellor regulación.

Pregunta do PSOE referida ao Parque Empresarial

1.- Teñen coñecemento dos resultados dese cuestionario?

2.- Cales eran en concreto as cuestións que se lles presentaron a cada unha das empresas asentadas en Outeiro de Rei?

3.- Xa teñen elaborado un censo parcelas ocupadas e desocupadas do Polígono?

Contesta o Sr. Alcalde que sí se trata dun Parque Empresarial dun tamaño enorme pero aínda on ten unha gran ocupación.

En Relación aos datos que pide, dille o alcalde que agora non se lle poden contestar e que se trata dunha obriga do concello poñer solo para os empresarios

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

